



# Instrucións do proceso de admisión para Cursos especialización

## ADMISIÓN

1. **Proceso de admisión centralizado** na aplicación informática **web** (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> )
2. **Cubrir unha única solicitude na que se poderá optar a catro cursos** utilizando o asistente informático, e xuntando a documentación escaneada que se solicite, entre **o 24 de xuño e o 4 de xullo de 2024**.
  - Con carácter xeral a entrega é automática (non precisa entregala en ningún centro). Conservar copia impresa como resguardo.
  - No caso de que se indique no Anexo, deberá entregarse nun centro. Xerará un exemplar para o centro e un exemplar para o interesado. Presentarase nun centro de FP con oferta de cursos de especialización, coa documentación requirida.
3. **Requisitos dos participantes**
  - Estar en posesión da titulación de grao medio ou de grao superior de formación profesional establecida no Real Decreto polo que se regula cada curso. No caso do Curso de especialización de Cultivos celulares, estar en posesión dunha das seguintes titulacións.
    - o CSQUI01 Laboratorio de análise e de control de calidade
    - o CSQUI03 Fabricación de produtos farmacéuticos, biotecnolóxicos e afíns
    - o CSSAN05 Laboratorio clínico e biomédico
    - o CSSAN06 Anatomía patolóxica e citodiagnóstico
    - o CSEA04 Química e saúde ambiental
4. **Documentación requirida:** o asistente informático indicará se é necesario achegar a solicitude e a documentación asociada.
5. **De ter que presentar a solicitude:** Documento xerado na aplicación, xunto coa documentación, na secretaría dun centro de Galicia que oferte cursos de especialización, entre o 24 de xuño e o 4 de xullo de 2024. Poderá remitila por correo postal certificado en sobre aberto co selo de correos no mesmo prazo, e deberá enviar tamén toda a documentación escaneada ao correo electrónico do centro: [secretaria@cifpanxelcasal.es](mailto:secretaria@cifpanxelcasal.es)



6. As persoas que participen no procedemento de admisión e matrícula para os cursos de especialización tamén poderán realizar a solicitude de admisión a ciclos formativos e a FP dual intensiva.
7. **As persoas admitidas** para un curso de especialización quedarán excluídas do proceso de admisión a ciclos formativos no réxime ordinario, no réxime para as persoas adultas e en FP dual. No caso de non seren admitidas (seleccionadas) en ningún curso de especialización poderán continuar no proceso de admisión a ciclos formativos e a FP dual.
8. Nas datas establecidas das distintas adxudicacións poderase consultar a situación individual das resolucións provisionais e definitivas das persoas solicitantes no enderezo [www.edu.xunta.gal/ciclosadmission](http://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission)
9. O día 17 de xullo publicarase a relación de persoas admitidas e en espera en cada curso de especialización. As persoas admitidas deberanse **matricular ou renunciar** no prazo abranguido desde o día **17 ao día 22 de xullo** ás 13.00 horas. De non facelo perderán os dereitos sobre a matrícula das prazas adxudicadas.

## MATRÍCULA

10. Do 11 ao 27 de setembro, o alumnado matriculado deberá aportar a seguinte documentación:
    - a) Resgardo da solicitude de matrícula.
    - b) DNI/NIE/Pasaporte, orixinal e copia, e non caducado.
    - c) Titulación de acceso indicada na solicitude. Título ou certificación académica onde conste o pago de taxas. Orixinal e copia (se non foi presentada neste centro coa solicitude)
    - d) Recibo de pagamento do seguro escolar (para menores de 28 anos) 1.12€ na conta de ABANCA ES36 2080 0086 2230 4000 2660
- Nota: De non presentar toda a documentación requirida, ou detectarse algunha irregularidade, a matrícula poderá ser anulada.

### Código Ciclo. Oferta Cursos especialización

Código do CIFP Ánchel Casal- Monte Alto <b>15022607</b>	
<b>CSQUI50</b>	<b>Cultivos celulares (600h)</b>